# Declaración de interese para NOVOS títulos de MÁSTER que se implanten no curso 2025/2026

Normativa reguladora máis relevante: RD 822/2021 polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo RD 861/2010; Decreto 222/2011 polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia modificado polo Decreto 161/2015, Orde do 20 de marzo de 2012 pola que se desenvolve o Decreto 222/2011 e acordo do Consello de Goberno do 25 de setembro de 2023.

| | |
|---|---|
| Denominación do título de MÁSTER proposto | Máster Universitario en Criminoloxía |
| Centro de impartición na UVIGO | Facultade de Dereito |
| Data da xunta de centro na que se aproba a proposta | |
| Persoa de contacto no centro | Nome: Virxilio Rodríguez Vázquez |
| | Email: virxilio@uvigo.gal |
| | Teléfono: 650255777 |
| É a proposta un título de Máster ligado a competencias profesionais reguladas? | X Non |
| | ☐ Si, indicar profesión regulada: |
| Cumpre os requisitos xerais establecidos no artigo 4 do Decreto 222/2011 de 2 de decembro polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais? | ☐ Non |
| | X Si<br>Indicar cales: todos os requisitos do art. 4. |
| Cumpre os requisitos específicos para títulos de máster recollidos no artigo 5 do Decreto 222/2011 de 2 de decembro polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais? | ☐ Non |
| | X Si.<br>Indicar cales: Indicar cales:<br>a) ser interuniversitario;<br>b) ter unha orientación laboral ou práctica;<br>c) cubrir a formación superior de persoal en áreas de elevada demanda laboral |
| É unha proposta de carácter interuniversitario? | ☐ Non |
| | X Si, indicar universidades participantes, con indicación expresa da universidade coordinadora: Universidade da Coruña (coordinadora) |
| Departamentos que poderían participar na docencia (indicar relación) | Análise e intervención psisocioeducativa, Dereito privado, Dereito público, Dereito público especial, Estatística e investigación operativa, Psicoloxía evolutiva e comunicación, Socioloxía, Ciencia política e da administración e filosofía |
| Incluír unha proposta de composición da comisión redactora da memoria (indicar expresamente os membros da comisión) | Virxilio Rodríguez Vázquez-PTU D. penal UVigo<br>M.ªD. Fdez. Fustes-PTU D. Procesual UVigo<br>J.A. Brandariz García-Catedrático D. Penal UDC<br>Xulio Ferreiro Baamonde-PTU D. Procesual UDC |
| Incluír unha breve aínda que precisa descrición da necesidade, interese e obxectivos do máster e a súa adecuación aos requisitos que figuran artigo 4 do Decreto 222/2011 | Os estudos de criminoloxía, a pesar da súa recente implementación no caso español, teñen gozado dunha enorme expansión na última década. No curso 2020-2021, 40 universidades españolas ofrecían graos de criminoloxía, que tiñan un total de 20.574 estudantes, un |

| | |
|---|---|
| | número semellante ao de estudantes de económicas ou de traballo social, e moi superior ao volume de estudantado doutras ciencias sociais como ciencia política ou socioloxía. No apartado de posgrao, no curso 2020-2021, 31 universidades españolas ofrecían 30 másters en criminoloxía, que xuntaban a 1.685 estudantes. A modo de referencia adicional, 5 universidades da área de Porto (Portugal) ofrecen na actualidade 13 títulos en criminoloxía, entre graos, másters e doutoramentos.<br>Nada diso acontece no SUG. Sen que haxa razóns laborais específicas para esta diverxencia, o SUG é o único sistema universitario autonómico de tamaño medio que non ten un máster de criminoloxía. De feito, só conta cun grao (na USC), que no curso 2020-2021 reunía a 248 estudantes, o 1,21% do estudantado de grao de criminoloxía en España.<br>Hai boas razóns para entender que esta lagoa formativa debe ser superada. A diferenza do que sucede co grao, que presenta evidentes problemas en termos de emprego, un posgrao en criminoloxía é unha oferta formativa que pode ser de interese para amplos colectivos de estudantes e profesionais. Polo que fai ao primeiro deses colectivos, este posgrao pode resultar atractivo en termos de formación e definición profesional, entre outros, para estudantes de dereito, educación social, traballo social, socioloxía, psicoloxía, a propia criminoloxía e mesmo xornalismo. No curso 2020-2021, ese conxunto de estudantes sumaba 6.404 persoas, equivalentes ao 12,74% do estudantado de grao e ao 29,02% do estudantado dos graos en ciencias sociais e xurídicas do SUG.<br>Polo que se refire ao segundo colectivo, un posgrao en criminoloxía, mesmo máis un posgrao nesa materia cunha forte pegada das ciencias xurídicas, pode resultar especialmente atractivo para a formación continua de diversos grupos de profesionais que traballan en eidos analizados pola criminoloxía. Dito de xeito resumido, trataríase fundamentalmente de profesionais das diversas axencias do sistema penal, pero tamén de persoas que traballan no eido dos servizos sociais ou mesmo do terceiro sector. Por citar só algúns dos colectivos máis significados neste sentido, o número de membros das forzas e corpos de seguridade pública é de –aproximadamente- 13.500 en Galicia, e as persoas que traballan no sistema carcerario son –aproximadamente- 1.400. A estes grupos hai que sumar, entre outros, o eido da avogacía. En decembro de 2020 había 11.031 persoas colexiadas nos Colexios de Avogacía de Galicia, 7.142 delas exercentes.<br>En síntese, a existencia dunha lagoa formativa no SUG e o amplo abano de estudantes e profesionais que poden considerar con especial atención unha oferta de posgrao en criminoloxía crean as condicións axeitadas para o éxito dunha proposta como a que aquí se presenta |

- A data límite para enviar a declaración de interese sobre novas propostas de Máster que se pretendan implantar no curso 2025/2026 é **o 24 de novembro de 2023.**
- Enviar a verifica@uvigo.es